

ALARMA NOS INSTITUTOS

Nos últimos meses estamos asistindo a unha auténtica escalada no tratamento informativo derivado da conflitividade escolar. Esta irrupción dos conflitos escolares nos medios, en trazo groso, ten lecturas diversas e aspectos moi contradictorios que merece a pena comentar aínda que sexa brevemente.

Por unha banda, existen medios e tratamentos que responden á premisa de que tan só as malas noticias merecen ser contadas. Fronte da convivencia escolar, maioritaria, nos colexios e institutos, fronte das numerosas actividades e iniciativas positivas que amosan o esforzo e o traballo da comunidade educativa (pais e nais, alumnado e profesorado) por promover os valores cívicos e democráticos, a interculturalidade, a tolerancia e a paz, prefiren poñer o acento nos aspectos máis negativos, contribuíndo así a xenerar unha alarma social crecente, unhas noticias que trasladan, con reiteración, a imaxe duns centros educativos colapsados pola violencia e o acoso.

O que comentamos ten que ver coas novas percepcións sociais da violencia. Da mesma maneira que fai uns anos a violencia de xénero non era percibida como tal (*mi marido me pega lo normal...*), tamén nas escolas se exercía unha violencia estrutural e directa, protagonizada polo mestre e o seu punteiro, sobre os distintos, sobre os máis febles, sobre os galego falantes, ou na casa polo pai e o cinto...

Hoxe, por sorte, a sociedade cambiou e a percepción da violencia escolar tamén. O que onte era considerado normal, hoxe o identificamos cunha violencia intolerable. Somos cada vez máis sensibles a novas formas de violencia escolar que aparecen diante de todos nos con toda a súa crudeza: incremento do profesorado de baixa por depresión e síndrome de *burnout* (estar queimado), *bullying* (acoso escolar), ameazas, pelexas, mesmo algúns casos de suicidio, terribles, como o de Jokin en Hondarribia ou máis recentemente o dunha moza en Alicante...

Sen dúbida, o que observamos, ten moitas causas, mesmo contrapostas, a maioría, probablemente, están fora da propia escola (aínda que tamén dentro), e teñen que ver, efectivamente, coa situación social e familiar, cos valores e os comportamentos imperantes, coas desestructuracións, co proteccionismo excesivo, coa ausencia de normas, coa desvinculación entre dereitos e deberes, coa exclusión... pero tamén, temos que recoñecelo, algunha responsabilidade ten a escola e o profesorado, pois existen mecanismos internos para detectar comportamentos e conductas disruptivas, situacións de risco, casos de ameaza e violencia, aínda admitindo que o sistema educativo reproduce o microcosmos da sociedade... pero tamén contribúe a transformalo. Que os mecanismos funcionen ou non, que prestemos atención ou miremos para outro sitio, é responsabilidade dos educadores.

Por iso, precisamente, temos que estar en alerta, como pais e como nais, como profesores e como profesoras, como equipo directivo, como xefatura de estudos, na comisión de convivencia, para detectar a tempo estas conductas, para abordalas positivamente, educativamente, cando empezan, non cando resulta moi difícil intervir.

O que teríamos que facer, ademais, o que urxe, realmente, por parte das institucións educativas, pero tamén das familias, do profesorado, das organizacións do alumnado dos institutos, das entidades que levamos anos analizando e intervindo sobre a resolución de conflitos en institucións educativas, sería poñer en marcha un **Plan Galego de Convivencia Escolar**, elaborado e asumido como propio por tódolos sectores implicados, temporalizado, dotado cos recursos humanos e orzamentarios precisos e co rango legislativo axeitado.

Porque non chega con anunciar estudos, teléfonos de denuncias, observatorios, comités de sabios, campañas de sensibilización, xornadas e congresos ou ocurrencias, máis ou menos brillantes, como a de que os alumnos se convirtan en mediadores de conflitos...

Faise imprescindibile a elaboración compartida dun auténtico **Plan de Prevención** que involucre a todos, que asuman todos, que conte co profesorado, coas familias, co alumnado, que teña moi en conta os informes realizados (Consello Escolar de Galicia, ICE, Defensor del Menor), as experiencias que están a desenvolverse en distintas CC.AA., as investigacións empíricas relevantes (María José Díaz Aguado, Rosario Ortega...), que afecte a tódolos centros educativos, públicos e privados, que institucionalice e avalíe o funcionamento das Comisións de Convivencia, dos Regulamentos de Réxime Interno dos colexios e institutos...

E que aborde algo imprescindible, a formación do profesorado, tanto a formación inicial como a permanente, sen a que resulta imposible mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos, a formación psicolóxica, o manexo de estratexias e dinámicas de grupos, os cambios metodolóxicos, a utilización de novos recursos didácticos...

Ou a necesaria reforma dos servicios e funcións da inspección educativa.

E traballar moito máis coas familias, fomentar a participación educativa dos pais e das nais, como factor de calidade e como instrumento clave de prevención, pero non de maneira retórica senón efectiva, facilitando realmente a participación con medidas económicas e laborais. Porque os mellores antídotos contra da violencia os construímos (ou non) nas familias, o ámbito por excelencia da elaboración da cartografía dos afectos e dos sentimentos, o que Juan Rof Carballo chamaba a “urdimbre afectiva” no seu maravilloso libro “Violencia y ternura”.

Por último quixera chamar á reflexión dos medios. Existe unha norma non escrita que recomenda non dar publicidade ós suicidios das persoas porque, segundo os expertos na psicoloxía social, corremos o perigo de fomentar na sociedade e nos sectores en risco o efecto de emulación. Moito máis si estamos a falar de adolescentes e de institutos. Ademais provocaremos unha alarma social innecesaria e moi perigosa.

Nesto, como en todo, aínda perdendo cartos e lectores, compre o sentidiño.

Manuel Dios Diz é mestre, licenciado en Xeografía e Historia pola USC, e preside o Seminario Galego de Educación para a Paz (1985-2005).